

materia

Contabilidade Xeral

unidade didáctica 2

O patrimonio empresarial e a súa representación contable no inventario e no balance de situación

María Salomé Taboada Mella

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

titulación

Grao de Economía



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E FORMACIÓN CONTINUA



unidade didáctica 2

**O patrimonio empresarial
e a súa representación
contable no inventario e no
balance de situación**

María Salomé Taboada Mella

Departamento de Economía Financeira e Contabilidade
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



© Universidade de Santiago de Compostela, 2013



Esta obra atópase baixo unha licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-SA 3.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/es/legalcode.g>

Deseño
Unidixital
Servizo de Edición Dixital
da Universidade de Santiago de Compostela

Edita
Vicerreitoría de Estudantes,
Cultura e Formación Continua
da Universidade de Santiago de Compostela
Servizo de Publicacións
da Universidade de Santiago de Compostela

Imprime
Unidixital
Dep. Legal: C 37-2013
ISBN 978-84-9887-970-4

ADVERTENCIA LEGAL: reservados todos os dereitos. Queda prohibida a duplicación, total ou parcial desta obra, en calquera forma ou por calquera medio (elec-trónico, mecánico, gravación, fotocopia ou outros) sen consentimento expreso por escrito dos editores.

MATERIA: CONTABILIDADE XERAL
TITULACIÓN: 1º CURSO DO GRAO DE ECONOMÍA
PROGRAMA XERAL DO CURSO

UNIDADE 1: INTRODUCCIÓN Á CONTABILIDADE.

- ¿Que é a contabilidade?.
- División da contabilidade.
 - A Contabilidade Xeral.*
- As contas anuais.
- Requisitos da información contable.

UNIDADE 2. O PATRIMONIO EMPRESARIAL E A SÚA REPRESENTACIÓN CONTABLE NO INVENTARIO E NO BALANCE DE SITUACIÓN

PATRIMONIO EMPRESARIAL.

- Definición de patrimonio.
- A composición do patrimonio. Os elementos patrimoniais.
 - *Elementos activos ou de activo.*
 - *Elementos pasivos ou de pasivo.*
 - *Elementos do patrimonio neto.*
 - *Os ingresos e os gastos.*
- As masas patrimoniais. A ecuación fundamental do patrimonio.
- Os elementos patrimoniais e a súa incorporación ás contas anuais.

REPRESENTACIÓN CONTABLE DO ACTIVO, PASIVO E PATRIMONIO NETO.

- Inventario.
- Balance de situación.
- Diferenzas entre o Inventario e o Balance de Situación.

UNIDADE 3. ANÁLISE DAS ESTRUTURAS ECONÓMICA E FINANCEIRA.

- Concepto e composición.
- A estrutura económica.
 - *Activo fixo ou activo non corrente.*
 - *Activo circulante ou activo corrente.*
- A estrutura económica no Balance de Situación.
- A estrutura financeira.
 - *Patrimonio neto.*
 - *Pasivo non corrente.*
 - *Pasivo corrente.*
- A estrutura financeira no Balance de Situación.

UNIDADE 4. ANÁLISIS DOS RESULTADOS.

- Gastos e ingresos imputados ó resultado do exercicio.
 - *Ingresos da explotación.*
 - *Gastos da explotación.*
 - *Ingresos financeiros.*
 - *Gastos financeiros.*

- O resultado do exercicio: a Conta de Perdas e Ganancias.
- Os gastos e ingresos imputados ó patrimonio neto.
- O Estado de Cambios no Patrimonio Neto.

UNIDADE 5. A CONTA COMO INSTRUMENTO DE REPRESENTACIÓN E O MÉTODO CONTABLE DE REXISTRO.

- Definición da conta.
- Tecnicismos das contas.
- Clasificación e convenios de cargo e abono das contas.
 - *Contas de Balance.*
 - *Contas de xestión.*
 - *Contas de imputación ó patrimonio neto.*
- Fases do rexistro contable.
- O método de rexistro. O principio de dualidade.
- Criterios de recoñecemento segundo o marco conceptual (PXC, 2007).*
- As transaccións económicas. Os feitos contables.
 - *Os feitos contables e a ecuación fundamental do patrimonio.*

UNIDADE 6. PLANIFICACIÓN E NORMALIZACIÓN CONTABLE

- Normalización da información contable.
- Estrutura do plan contable
 - *O marco conceptual da contabilidade.*
 - *Os principios contables.*
 - *As normas de rexistro e valoración.*
 - *Criterios de valoración.*
 - *As contas anuais.*
 - *O cadro de contas.*
 - *Definicións e relacións contables.*

UNIDADE 7. O CICLO CONTABLE.

- Esquema do proceso contable.
- Disposicións normativas sobre libros e rexistros contables.
 - *O Código de Comercio. Libros dos empresarios.*
- A apertura da contabilidade.
 - *O inventario inicial.*
 - *O asento de apertura.*
- Os asentos de xestión.
- O Balance de Comprobación.
- O proceso de regularización.
- Asentos de axuste.
 - *Asentos de regularización.*
- O cerre da contabilidade.
 - *O inventario final.*
 - *O asento de cerre.*
- Elaboración das contas anuais.
- Depósito e publicación das contas anuais.

ÍNDICE

Presentación	09
Os obxectivos	11
Contidos: o patrimonio empresarial e a súa representación contable no inventario e no balance de situación	10
1. PATRIMONIO EMPRESARIAL	10
1.1. Definición de patrimonio.....	10
1.2. A composición do patrimonio. Os elementos patrimoniais	10
1.2.1. Elementos activos ou de activo.....	11
1.2.2. Elementos pasivos ou de pasivo	12
1.2.3. Elementos do patrimonio neto	12
1.2.4. Os ingresos e os gastos.....	14
1.3. As masas patrimoniais. A ecuación fundamental do patrimonio	15
1.4. Os elementos patrimoniais e a súa incorporación ás contas anuais	16
2. REPRESENTACIÓN CONTABLE DO ACTIVO, PASIVO E PATRIMONIO NETO	16
2.1. Inventario	16
2.2. Balance de Situación.....	18
2.3. Diferenzas entre o Inventario e o Balance de Situación	19
Metodoloxía e actividades propostas	19
Avaliación	20
Bibliografía	21
Anexos	22

PRESENTACIÓN

Esta UD forma parte do contido do programa da materia “*Contabilidade Xeral I*” impartido no primeiro curso do Grado de Economía.

A *Contabilidade Xeral* é unha ferramenta informativa obrigatoria sobre a empresa, que se ocupa de analizar, valorar, e rexistrar as operacións que esta realiza co exterior (compras, vendas, cobros, pagos, investimentos, etc.) ó longo do exercicio. A análise consiste en determinar se as operacións en cuestión afectan, ou poden afectar, ó patrimonio da empresa dun feito directo e concreto (feitos contables); a valoración supón aplicar os principios contables xeralmente aceptados e as normas de valoración obrigatorias, contidos no Plan Xeral de Contabilidade (2007); o rexistro consiste en anotar de forma cronolóxica, nos libros de contabilidade -obrigatorios e non obrigatorios- cada un de eses feitos contables, para, periodicamente, resumir esa información contable polo medio de inventarios, Balances de Comprobación, e Contas Anuais (Balance de Situación, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de Fluxos de Efectivo, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, e a Memoria).

En primeiro lugar (UD 1) coñecemos o que é a Contabilidade, as súas tipoloxías (contabilidade interna, e contabilidade externa), que información ofrece (de custos, financeira, directiva), cales son os usuarios da mesma (internos e externos); en base as anteriores informacións, localizamos á *Contabilidade Xeral*, identificamos os requisitos que debe reunir a información que ofrece para que sexa útil para a toma de decisións, e enumeramos e definimos brevemente ós instrumentos por medio dos cales se materializa: inventarios, Balances de Comprobación, e contas anuais.

Na UD 2, veremos que, por obriga legal, os inventarios débense elaborar polo menos dúas veces no ano: para reflectir con que conta a empresa ó inicio do exercicio (inventario inicial), e cal e o seu patrimonio á conclusión do mesmo (inventario final). De mesmo xeito, cada trimestre, tense que elaborar un Balance de Comprobación, para identificar a posición debedora ou acreedora da empresa nese intre; e, anualmente, confecciónanse as contas anuais –Balance de Situación, Conta de Perdas e Ganancias, Estado de Fluxos de Efectivo, Estado de Cambios no Patrimonio Neto, e a Memoria-, que resumen a información rexistrada ó longo do exercicio pola contabilidade. Cada unha destas contas anuais ofrecerá ofrece unha información patrimonial diferente:

- O Balance de Situación, indica cales son os bens, dereitos, recursos controlados economicamente pola empresa dos que espera obter un rendemento económico no futuro, as obrigas ás que ten que facer fronte a empresa, é, por diferenza entre uns e outros, o valor neto do patrimonio.
- A Conta de Perdas e Ganancias, reflicte as vendas e ingresos obtidos durante o exercicio, e as compras e gastos realizados

durante o mesmo; por comparación entre eles, reflectirá o resultado acadado.

- O Estado de Fluxos de Efectivo, indica o diñeiro líquido con que conta a entidade, e como se foi modificando no período.
- O Estado de Cambios No Patrimonio Neto, informa sobre os recursos propios de que dispón a empresa, e as variacións que este experimentou.
- E, por último, a Memoria, aclara e complementa as demais contas anuais.

Para poder elaborar e interpretar esas informacións, e indispensable entender e identificar todos e cada un dos elementos que as compoñen. Por iso, na UD 1, definiremos o patrimonio empresarial, para determinar a súa composición. A continuación como os seus integrantes (elementos patrimoniais) teñen diferente natureza, clasificáremos en elementos activos, pasivos, de patrimonio neto, gastos e ingresos, e estudáremoslos con detalle. Exemplificaremos esta aprendizaxe por medio dun suposto de patrimonio empresarial, e darémoslle un nome contable a cada elemento que vaia xurdindo segundo o indicado o respecto polo Plan Xeral de Contabilidade (PXC, 2007).

Acadado ese cometido, coñeceremos o Inventario e o Balance de Situación con detalle (tipos, estrutura, obrigas na súa elaboración, tipos de elementos que o compoñen, etc.), así como as semellanzas e diferenzas que hai entre eles.

Así mesmo, o estudo dos elementos que compoñen o Inventario e o Balance, a súa estrutura, composición posibilitaranos elaborar os correspondentes a calquera empresa; por esa razón, pasaremos a practicar eses coñecementos por medio de unha serie de exercicios prácticos para os que, progresivamente, iremos incrementando o grado de dificultade.

A impartición desta UD terá unha duración de un tempo aproximado de 5 horas (unha clase expositiva, e dúas interactivas).

Nas demais UD (de 3 a 6) da materia “*Contabilidade Xeral*” faremos o propio con as demais contas anuais, e, acadado ese obxectivo, pasaremos ó estudio das anotacións contábeis que se deben de facer ó longo do exercicio nos libros de contabilidade, que representarán as operación que a entidade realiza co exterior, e que se resumen periodicamente por medio dos estados contables antes indicados. Para o rexistro de estas operacións, e para a elaboración dos estados contables de síntese é obrigado aplicar os principios contables e as normas de valoración contidas no Plan Xeral de Contabilidade (2007); así mesmo, esta norma conta de outras partes que non son de observancia obrigatoria; unhas e outras, serán estudadas.

8 - O PATRIMONIO EMPRESARIAL

Deste xeito, concluiremos a materia sabendo contabilizar as operacións que realiza a empresa de acordo a normativa aplicable, e sintetizándoas nos diferentes estados contables de síntese; así mesmo, poderemos interpretar esa información, para a nosa toma de decisións.

OS OBXECTIVOS

A materia *Contabilidade Xeral* do Grado de Economía está dividida en dúas partes: “*Contabilidade Xeral I*”, e “*Contabilidade Xeral II*”.

A materia obxecto de noso estudio –a “*Contabilidade Xeral I*”– ten como finalidade aportar os alumnos a formación esencial respecto da levanza da contabilidade dunha empresa. Isto é, adestrar ó alumno no coñecemento de:

- o que é a *Contabilidade Xeral* (que rexistra, quen a debe elaborar, que información ofrece, a quen vai dirixida);
- cales son los elementos que integran o patrimonio dunha empresa, distinguir a súa natureza, e dominar o seu funcionamento;
- a interpretación, análise e representación das operacións que afectan ó patrimonio empresarial dun xeito directo e concreto (feitos contables), para o seu rexistro nos libros contables durante todo o período económico;
- elaborar a información contable de síntese (ademais de interpretala), e
- coñecer o procedemento do depósito das contas anuais no Rexistro Mercantil, así como as demais obrigas contidas no Código de Comercio sobre a contabilidade dos empresarios.

En concreto, nesta unidade didáctica (UD número 2) aprenderemos a diferenciar ás diferentes tipoloxías de elementos contables, escudaremos o seu funcionamento, e procederemos a desenvolver o proceso de análise, valoración e representación da información contable, empregando dous dos estados contables máis representativos do patrimonio: o Inventario e o Balance de Situación.

OS CONTIDOS

O PATRIMONIO EMPRESARIAL E A SÚA REPRESENTACIÓN CONTABLE NO INVENTARIO E NO BALANCE DE SITUACIÓN.

1. PATRIMONIO EMPRESARIAL

1.1. DEFINIÇÃO DO PATRIMONIO:

Podemos definir patrimonio como conxunto heteroxéneo de bens, dereitos, recursos controlados economicamente pola empresa e obrigacións –con terceiros, co empresario ou os accionistas (socios)-, que constitúen os medios económicos e financeiros a través do cal esta pode cumprir os seus fins.

Así, a empresa MERCASA -dedicada á compra-venta de obxectos de decoración-realiza una descrición valorada do seu patrimonio, clasificándoo en (a) bens, (b) dereitos, (c) recursos controlados economicamente pola empresa, e, (d) obrigas asumidas con terceiros, (e) con os seus membros (accionistas).

O resultado é o que se reflexa na Táboa nº 1, permitíndonos exemplificar a definición anterior.

TÁBOA Nº 1: O PATRIMONIO DA EMPRESA MERCASA.

- Obxectos de decoración (mercadorías -adquiridas por 70.000 €-), material de oficina
- (a) (2.000€), diñeiro (en caixa –90.000 €, en contas bancarias –150.000 €-), a edificación na que desenvolve a súa actividade (200.000€), o mobiliario (12.000€), un terreo en proceso de adaptación para o seu uso (40.000), unha nave industrial adquirida como investimento (50.000€); e acción de outra empresa (14.000€).
 - (b) Un dereito de cobro sobre un cliente, ó que lle vendeu mercadorías a crédito (segundo factura, por 25.000€); un anticipo do soldo dun traballador, de 2.500€; un crédito a outro traballador, a 9 meses, por 10.000 €; un dereito de cobro sobre outra empresa á que MERCASA lle realizou un servizo de asesoría, e polo que lle facturou 1.000€; o importe de 600€, pagada a maiores a Facenda -en concepto de retención á conta do imposto sobre a renda dos traballadores- pendente de reingresalo a MERCASA.
 - (c) Vehículos propiedade de terceiros, pero a disposición da unidade económica por contrato de arrendamento financeiro ou leasing (por un valor de 30.000 €).
 - (d) As débedas asumidas pola compra a crédito de materiais (existencias de mercadorías, por 30.000 € e de material de oficina por 2.000 €, documentadas en factura e en letra de cambio, respectivamente); a débeda polo mobiliario aínda non pagada (9.000€); a cotización pendente de ingresar na Seguridade Social (30.000€), unha débeda con un avogado (7.000€) e con unha entidade bancaria, que vence en 10 meses, por 50.000€; as cantidades a pagar polo leasing dos vehículos (a curto prazo, 10.000€; a longo prazo, 20.000€).
 - (e) As contribucións realizadas polos accionistas á entidade no momento da súa constitución (por un total de 567.100€), a perda obtida no exercicio anterior, pendente de compensar (-100.000€), e os fondos xerados pola empresa non repartidos por obrigación legal (72.000€).

1.2. COMPOSICIÓN DO PATRIMONIO. OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS:

Cada un dos bens, dereitos, recursos económicos controlados pola empresa, e as obrigas descritas anteriormente, son chamados elementos patrimoniais.

As obrigas da empresa deben ser diferenciadas en dúas tipoloxías: (a) con terceiros, e (b) co empresario/socios/accionistas.

Deste xeito -atendendo a súa natureza- eses elementos patrimoniais, clasifícanse en:

- elementos patrimoniais activos,
- elementos patrimoniais pasivos, e
- elementos patrimoniais de patrimonio neto.

Así, o diñeiro en conta bancaria é un elemento patrimonial; os vehículos (por separado ou no seu conxunto) son outro elemento patrimonial; a débeda co vendedor das mercadorías, ou as contribucións dos accionistas, tamén o son.

1.2.1. ELEMENTOS ACTIVOS OU DE ACTIVO:

Son elementos activos ou de activo, os bens dereitos e outros recursos controlados economicamente pola entidade.

Así, os elementos activos da empresa MERCASA son os que se indican na Táboa nº 2 (sinálase o nome contable, segundo o PXC, 2007, a efectos da máis pronta familiarización con esta terminoloxía):

TÁBOA Nº 8: ELEMENTOS ACTIVOS DA EMPRESA MERCASA.

Elementos	Denominación contable
<input type="checkbox"/> Obxectos de decoración	<input type="checkbox"/> (300) Mercadorías
<input type="checkbox"/> Material de oficina	<input type="checkbox"/> (328) Material de oficina
<input type="checkbox"/> Diñeiro en caixa	<input type="checkbox"/> (570) Caixa, €
<input type="checkbox"/> Diñeiro en contas bancarias	<input type="checkbox"/> (572) Banco c/c
<input type="checkbox"/> A edificación para a súa actividade	<input type="checkbox"/> (211) Construcións
<input type="checkbox"/> O mobiliario	<input type="checkbox"/> (216) Mobiliario
<input type="checkbox"/> O terreo en proceso de adaptación	<input type="checkbox"/> (220) Adaptación de terreos e bens naturais
<input type="checkbox"/> A nave industrial adquirida como investimento	<input type="checkbox"/> (211) Investimentos en construcións
<input type="checkbox"/> As acción de outra de outra empresa	<input type="checkbox"/> (250) Investimentos financeiros a longo prazo en instrumentos de patrimonio
<input type="checkbox"/> O dereito de cobro sobre o comprador de obxectos de regalo	<input type="checkbox"/> (4300) Clientes, €
<input type="checkbox"/> O anticipo do soldo ó traballador	<input type="checkbox"/> (460) Anticipos de remuneracións
<input type="checkbox"/> O crédito ó traballador, a 9 meses,	<input type="checkbox"/> (544) Créditos a curto prazo ó persoal
<input type="checkbox"/> O dereito de cobro por servizo de asesoría	<input type="checkbox"/> (4400) Debedores
<input type="checkbox"/> A cantidade adebedada por Facenda	<input type="checkbox"/> (470) Facenda Pública, debedora por diversos conceptos
<input type="checkbox"/> Os vehículos en réxime de leasing.	<input type="checkbox"/> (218) Elementos de transporte

1.2.2. ELEMENTOS PASIVOS OU DE PASIVO:

Son elementos patrimoniais pasivos ou de pasivo, cada unha das obrigas actuais da empresa con terceiros.

Para MERCASA, son pasivos os elementos reflectidos na Táboa nº 3:

TÁBOA Nº 3: ELEMENTOS PASIVOS DA EMPRESA MERCASA.

Elementos	Denominación contable
<input type="checkbox"/> Débeda por compra a crédito de mercadorías	<input type="checkbox"/> (4000) Provedores, €
<input type="checkbox"/> Débeda por compra a crédito de material de oficina	<input type="checkbox"/> (401) Provedores, efectos comerciais a pagar
<input type="checkbox"/> Débeda polo mobiliario aínda non pagado	<input type="checkbox"/> (523) Provedores de inmovilizado a curto prazo
<input type="checkbox"/> A cotización pendente de ingresar na S.S.	<input type="checkbox"/> (476) Organismos da S.S. acredores
<input type="checkbox"/> Débeda cun avogado	<input type="checkbox"/> (410) Acredores por prestacións de servizos
<input type="checkbox"/> Débeda cunha entidade bancaria	<input type="checkbox"/> (520) Débeda a curto prazo con entidades de crédito
<input type="checkbox"/> Débeda coa empresa de leasing a curto prazo	<input type="checkbox"/> (524) Acredores por arrendamento financeiro a curto prazo
<input type="checkbox"/> Débeda coa empresa de leasing a longo prazo	<input type="checkbox"/> (174) Acredores por arrendamento financeiro a longo prazo.

1.2.3. ELEMENTOS DO PATRIMONIO NETO:

A parte residual dos activos de la empresa, una vez deducidos todos os seus pasivos, constitúe o patrimonio neto. Es dicir:

$$\text{PATRIMONIO NETO} = \text{ACTIVO} - \text{PASIVO}$$

Inclúe as contribucións realizadas por o/os propietario/s da empresa, polos seus socios ou propietarios, así como os resultados acumulados ou outras variacións (positivas ou negativas) que lle afecten, sempre que ditas contribucións non teñan a consideración de pasivos (débedas con terceiros).

Así, o patrimonio neto da empresa MERCASA é o que se reflexa na Táboa nº 4.

TÁBOA Nº 4: ELEMENTOS DO PATRIMONIO NETO DE MERCASA

Elementos	Denominación contable
<input type="checkbox"/> Contribucións realizadas polos accionistas á entidade no momento da súa constitución	<input type="checkbox"/> (100) Capital social
<input type="checkbox"/> Perda obtida no exercicio anterior, pendente de compensar (minora o patrimonio neto)	<input type="checkbox"/> (121) Resultado negativo de exercicios anteriores
<input type="checkbox"/> Reserva legal	<input type="checkbox"/> (112) Reserva legal

Se cuantificamos os valores dos elementos que constitúen o patrimonio neto, poderemos comprobar que o seu importe total é igual á diferenza de valor dos elementos de activo e de pasivo (Táboa nº 5):

TÁBOA Nº 5: CUANTIFICACIÓN DO PATRIMONIO NETO DE MERCASA.

Elementos activos:	Valoración:	Elementos pasivos:	Valoración:
<input type="checkbox"/> (300) Mercadorías	70.000	<input type="checkbox"/> 4000) Provedores, €	30.000
<input type="checkbox"/> (328) Material de oficina	2.000	<input type="checkbox"/> (401) Provedores, efectos comerciais a pagar	2.000
<input type="checkbox"/> (570) Caixa, €	90.000	<input type="checkbox"/> (523) Provedores de inmovilizado a curto prazo	9.000
<input type="checkbox"/> (572) Banco c/c	150.000	<input type="checkbox"/> (476) Organismos de la S.S. acredores	7.000
<input type="checkbox"/> (211) Construcións	200.000	<input type="checkbox"/> (410) Acredores por prestacións de servizos	50.000
<input type="checkbox"/> (216) Mobiliario	12.000	<input type="checkbox"/> (520) Débeda a curto prazo con entidades de crédito	10.000
<input type="checkbox"/> (220) Adaptación de terreos e bens naturais	40.000	<input type="checkbox"/> (524) Acredores por arrendamento financeiro a curto prazo	20.000
<input type="checkbox"/> (211) investimentos en construcións	14.000	<input type="checkbox"/> (174) Acredores por arrendamento financeiro a longo prazo.	
<input type="checkbox"/> (250) investimentos financeiros a longo prazo en instrumentos de patrimonio	25.000		
<input type="checkbox"/> (4300) Clientes, €	2.500		
<input type="checkbox"/> (460) Anticipos de remuneracións	10.000		
<input type="checkbox"/> (544) Créditos a curto prazo ó persoal	1.000		
<input type="checkbox"/> (4400) Debedores	600		
<input type="checkbox"/> (470) Facenda Pública, debedora por diversos conceptos	30.000		
<input type="checkbox"/> (218) Elementos de transporte			
Total activo	697.100	Total pasivo	158.000

É dicir, o patrimonio neto ascende a $697.100 - 158.000 = 539.100\text{€}$; o, o que é o mesmo: $567.100 - 100.000 + 72.000$ (capital social- resultado negativo de exercicios anteriores + reserva legal).

O resultado negativo de exercicios anteriores minora o valor del patrimonio neto, pois estes recursos van a saír da empresa –sen contraprestación- nun futuro inmediato.

1.2.4. OS INGRESOS E OS GASTOS:

O feito de que os resultados acumulados logrados (positivos ou negativos) constitúan parte do patrimonio neto da empresa implica que os factores que o determinan (os ingresos obtidos e os gastos acometidos) tamén o son.

Así, **os ingresos** son incrementos no patrimonio neto obtidos durante o exercicio -xa sexa en forma de entradas ou aumentos no valor dos activos, ou de diminución dos pasivos-, sempre que non teñan a súa orixe en contribucións, monetarias ou non, dos socios ou propietarios.

Por exemplo, a empresa MERCASA aluga a construción adquirida como investimento, cobrando, por isto, anualmente 40.000€; este aluguer incrementa o diñeiro en caixa ou en banco, ou xera un dereito de cobro por ese importe. Así mesmo, esta cantidade pódese empregar para minorar a débeda bancaria.

Mentres, **os gastos** constitúen decaementos no patrimonio neto da empresa acontecidos durante o exercicio -xa sexa en forma de saídas ou diminucións no valor dos activos, ou de recoñecemento ou aumento do valor dos pasivos- sempre que non teñan a súa orixe en distribucións, monetarias ou non, ós socios ou propietarios, na súa condición de tales.

Por exemplo, a entidade contrata un servizo de limpeza por 5.000 euros, o que supón a diminución do diñeiro en caixa, en banco, ou a asunción de unha débeda co operario por esa cantidade.

Ese ingreso, e este gasto, xunto con os que ademais obtivera ou realizara a empresa, determinarán o resultado (por diferenza Ingresos – Gastos).

Os 40.000 euros de aluguer afectan positivamente ó resultado (incrementano), e os 5.000 do servizo de limpeza, negativamente (diminúeno). Se non houberse máis ingresos e gastos durante o período, o resultado sería positivo (beneficio) de 35.000 euros, o que aumenta, finalmente, a cantidade do neto en ese importe.

Por iso, os ingresos son conceptos positivos na cuantificación do resultado, mentres que os gastos o son negativos; o resultado é un elemento patrimonial do patrimonio neto (Resultado do exercicio), polo que, por ende, pódese afirmar que ingresos e gastos, en sentido amplo, son elementos patrimoniais netos ou de neto.

Ademais, este resultado positivo de 35.000€ (beneficio antes de impostos) obriga a MERCASA a liquidar o imposto sobre beneficios. Se o tipo impositivo fose do 30% do mesmo (Base Imponible), a débeda (pasivo) que a entidade adquire con Facenda sería de 10.500€. Este pasivo será outro elemento integrante do patrimonio empresarial, en tanto non a pague. O Beneficio despois de impostos (24.500€) debe ser repartido. Debido a que no el exercicio anterior houbo una perda, MERCASA decide destinalo integramente a compensala. Non reparte ese beneficio entre os socios (en forma de dividendos), nin incrementa a reserva legal ou crea outra reserva. De facelo, xurdirían no seu patrimonio outros dous elementos patrimoniais, un de pasivo (dividendo activo a pagar) e outro de neto (reservas).

1.3. AS MASAS PATRIMONIAIS. A ECUACIÓN FUNDAMENTAL DO PATRIMONIO:

Se agrupamos elementos patrimoniais homoxéneos -con a mesma funcionalidade económica ou financeira- encontráremos con as **masas patrimoniais**. Así,

- todos os elementos patrimoniais de activo (bens, dereitos e recursos controlados economicamente pola empresa) constitúen a **masa patrimonial de activo**;
- os elementos patrimoniais de pasivo (obrigas de pago e provisións), na súa totalidade, constitúen a **masa patrimonial pasiva ou de pasivo**; e
- a agrupación dos elementos patrimoniais de patrimonio neto conforma a **masa patrimonial de neto**.

Por funcionalidade económica enténdense medios con os que leva a cabo a actividade; e por funcionalidade financeira, os recursos financeiros con os que conta –proprios e alleos-, como veremos na UD 3.

Por iso, se volvemos novamente o exemplo planeado nesta UD –empresa MERCASA-, as masas patrimoniais, tralo reparto do beneficio, quedarían configuradas como se recolle en la Táboa nº 6.

TÁBOA Nº 6: AS MASAS PATRIMONIALES DE MERCASA.

MASA PATRIMONIAL DE ACTIVO	737.100
☐ (300) Mercadorías	70.000
☐ (328) Material de oficina	2.000
☐ (570) Caixa, €	90.000
☐ (572) Banco c/c (*)	190.000
☐ (211) Construcións	200.000
☐ (216) Mobiliario	12.000
☐ (220) Adaptación de terreos e bens naturais	40.000
☐ (211) Investimentos en construcións	50.000
☐ (250) Investimentos financeiros a longo prazo en instrumentos de patrimonio	14.000
☐ (4300) Clientes, €	25.000
☐ (460) Anticipos de remuneracións	2.500
☐ (544) Créditos a curto prazo ó persoal	10.000
☐ (4400) Debedores	1.000
☐ (470) Facenda Pública, debedora por diversos conceptos	600
☐ (218) Elementos de transporte	30.000
MASA PATRIMONIAL DE PASIVO	173.500
☐ 4000) Provedores, €	
☐ (401) Provedores, efectos comerciais a pagar	30.000
☐ (523) Provedores de inmovilizado a curto prazo	2.000
☐ (476) Organismos da S.S. acredores	9.000
☐ (410) Acredores por prestacións de servizos (**)	30.000
☐ (520) Débeda a curto prazo con entidades de crédito	12.000
☐ (475) Facenda Pública acreedora por conceptos fiscais (***)	50.000
☐ (524) Acredores por arrendamento financeiro a curto prazo	10.500
	10.000
	20.000

□ (174) Acredores por arrendamento financeiro a longo prazo.	
MASA PATRIMONIAL DE PATRIMONIO NETO	563.600
□ (100) Capital social	567.100
□ (121) Resultado negativo de exercicios anteriores	(75.500)
□ (112) Reserva legal	72.000

(*) Supoñendo que o arrendamento da construción se cobra con cheque bancario.

(**) Supoñendo que o servizo de limpeza se deixa a deber.

(***) Polo importe do imposto sobre beneficios.

1.4. OS ELEMENTOS PATRIMONIAIS E AS CONTAS ANUAIS:

Os elementos patrimoniais descritos incorporaranse a unha conta anual ou a outra segundo a súa natureza, pois:

- os elementos patrimoniais activos, pasivos e de patrimonio neto, conforman o Balance de Situación; mentres que,
- os gastos e ingresos farán o mesmo na Conta de Perdas e Ganancias, ou, no seu caso, no Estado de Cambios do Patrimonio Neto.

Así:

- formarán parte da Conta de Perdas e Ganancias os gastos e ingresos vinculados á explotación e a maior parte dos de natureza financeira (investimentos de carácter extrafuncional); e,
- constituirán o Estado de Cambios do Patrimonio Neto os derivados de determinados instrumentos financeiros manexados por sociedades o grupos empresariais que cotizan en mercados internacionais, subvencións, doazóns e legados non reintegrables de procedencia distinta a do propietario ou dos socios, e determinadas vantaxes fiscais que non forman parte da base impoñible do imposto sobre beneficios.

2. REPRESENTACIÓN CONTABLE DO ACTIVO, PASIVO E PATRIMONIO NETO:

Os elementos activos, pasivos e de patrimonio neto teñen a súa representación contable conxunta en dous importantes estados contables: o Inventario e o Balance de Situación (conta anual).

2.1. INVENTARIO:

O inventario é unha relación detallada de bens, dereitos e obrigas da unidade económica, que fixa -por diferenza entre eses activos e estes pasivos- a cantidade do neto patrimonial.

Poden ser de diferentes tipos. Así:

- atendendo a súa forma, poden ser analíticos (detallan todos os elementos cualitativa e cuantitativamente) e sintéticos (só agrupan os elementos activos e pasivos);

- polo seu contido, poden ser xerais (contéñen todos os elementos) e parciais (refírense so a algúns elementos en concreto); e
- a tenor do momento no que se realizan, cabe distinguir inventarios iniciais (realizados o principio do exercicio económico), finais (confeccionados ó cerre do exercicio) e extraordinarios (elaborados en cáquea momento diferente a os outros dous).

Non existe un modelo formalizado para a súa elaboración, que se realiza nas seguintes tres fases:

1º) *investigación*: consistente en realizar un recuento físico, mecánico, documental, o por medio de programas informáticos de xestión, dos elementos que compoñen o patrimonio;

2º) *valoración*: é a fase máis complexa, na que haberá que aplicar as normas de valoración e os principios contables obrigatorios; e

3º) *estructuración*: aínda que non hai modelo oficial nin legal ó que debamos de axustarnos na elaboración do inventario, o modelo convencional estrutura ó Inventario nas seguintes tres partes:

- Encabezamento: onde se indica o nome do titular do negocio, o número de inventario, tipo (xeral, parcial...), lugar, e data.
- Corpo: no que se detalla, por separado, o activo e o pasivo da empresa.
- Pé ou certificación: onde consta a firma do propietario da empresa ou do xerente certificando a certeza dos datos (pode asinar tamén o xefe de contabilidade ou auditor), expresando a cantidade do neto patrimonial en letra.

Por exemplo, a estrutura do Inventario final do patrimonio da empresa MERCASA, elaborado a 31 de decembro do 200X, sería o que se reflexa na Táboa nº 7:

TÁBOA Nº 7: INVENTARIO FINAL DA EMPRESA MERCASA.

MERCASA. INVENTARIO Nº 4 -XERAL, SINTÉTICO, FINAL - SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 31/12/2008			
ACTIVO		PASIVO	
<input type="checkbox"/> (300) Mercadorías	70.000	<input type="checkbox"/> 4000) Provedores,	30.000
<input type="checkbox"/> (328) Material de oficina	2.000	€	
<input type="checkbox"/> (570) Caixa, €	90.000	<input type="checkbox"/> (401) Provedores, efectos comerciais a pagar	2.000
<input type="checkbox"/> (572) Banco c/c	190.000		9.000
<input type="checkbox"/> (211) Construcións	200.000	<input type="checkbox"/> (523) Provedores de inmovilizado a curto prazo	30.000
<input type="checkbox"/> (216) Mobiliario	12.000		
<input type="checkbox"/> (220) Adaptación de terreos e bens naturais	40.000	<input type="checkbox"/> (476) Organismos de la S.S. acredores	7.000
<input type="checkbox"/> (211) Investimentos en construcións	50.000	<input type="checkbox"/> (410) Acredores por prestacións de servizos	50.000
<input type="checkbox"/> (250) Investimentos financeiros a longo prazo en instrumentos de patrimonio	14.000		10.500
<input type="checkbox"/> (4300) Clientes, €	25.000	<input type="checkbox"/> (520) Débeda a curto prazo con entidades de crédito	10.000
<input type="checkbox"/> (460) Anticipos de	2.500	<input type="checkbox"/> (475) Facenda	

remuneracións	10.000	Pública acreedora por conceptos fiscais	20.000
<input type="checkbox"/> (544) Créditos a curto prazo ó persoal	1.000	<input type="checkbox"/> (574) Acredores por arrendamento financeiro a curto prazo	
<input type="checkbox"/> (4400) Debedores	600	<input type="checkbox"/> (174) Acredores por arrendamento financeiro a longo prazo	
<input type="checkbox"/> (470) Facenda Pública, debedora por diversos conceptos	30.000		
<input type="checkbox"/> (218) Elementos de transporte			
TOTAL ACTIVO	737.100	TOTAL PASIVO	173.500
<p>Certifico a certeza dos datos que obran neste Inventario. A cantidade do patrimonio neto ascende a 563.600€, formado por: as contribucións, de 567.100€, realizadas polos socios; a reserva legal, de 72.000€; e os resultados negativos de exercicios anteriores (-75.500€).</p> <p style="text-align: center;">Asina: o xerente/auditor/xefe contabilidade.</p>			

2.2. BALANCE DE SITUACIÓN:

O Balance de Situación é un estado contable informativo no que se mostran os bens, dereitos, e obrigas, así como o neto patrimonial da unidade económica. Describe, polo tanto, a situación económico financeira da empresa nun momento dado, ó recoller o estado dos seus investimentos (activo) e das súas fontes de financiamento (pasivo e neto). O seu contido e estrutura están legalmente establecidos -Código de Comercio, Lei de Sociedades Anónimas, PXC (2007)-.

Consta de dúas partes:

- cabeceira, que recolle o nome da entidade económica, e a data; e
- corpo, dividido en: activo (parte esquerda), e pasivo e neto (parte dereita).

Á súa vez, as partidas que integran o Balance de Situación clasifícanse da seguinte forma:

- o activo, ordenado segunda a dispoñibilidade ou liquidez crecente dos elementos, relacionando primeiro os de menor dispoñibilidade; e
- o pasivo ordenado segundo o criterio de esixencia crecente, relacionando primeiro os elementos de menor esixencia.

Véxase modelo de conta anual no PXC (2007).

2.3. DIFERENZAS ENTRE O INVENTARIO E O BALANCE DE SITUACIÓN:

Tanto o Inventario como o Balance detallan, como sinalamos ó longo da UD, o (a) activo, o (b) pasivo, e o (c) patrimonio neto da empresa, polo que os seus contidos -se se elaboran no mesmo momento- deben de coincidir.

Non obstante, ademais do seu distinto formato, presentan algunhas outras diferenzas. Así pois:

- mentres que, o Inventario soe ser analítico, o Balance é sintético;
- é obrigatorio elaborar un Inventario dúas veces no ano (inicial e final), mentres que só é obrigatorio facer un único Balance de Situación (una das Contas Anuais);
- na elaboración do inventario non se emprega información contable elaborada previamente, senón resultante do reconto dos elementos activos e pasivos, para obter por diferenza ($A - P$), a cantidade á que ascende o neto; porén, no Balance, o valor do patrimonio neto extráese directamente dos rexistros contables, non se calcula.
- Nun inventario, as contas non soen aparecer agrupadas por masas patrimoniais, no Balance si.
- Finalmente, os inventarios obrigatorios (inicial e final) e o Balance de Situación deben redactarse no mesmo libro de contabilidade: o "*Libro de Inventarios e Contas Anuais*", aínda que só o Balance de Situación debe ser depositado no Rexistro Mercantil -as sociedades obrigadas a facelo-.

METODOLOXÍA E ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para o aprendizaxe dos contidos desta UD procederemos, en primeiro lugar ó estudio dos conceptos teóricos, que, o mesmo tempo, se van exemplificando con os correspondentes casos prácticos. Todo iso terá lugar nunha clase expositiva (dúas horas).

A continuación, nas clases interactivas (dúas, de 1,5 horas cada unha), practicaranse eses contidos con exercicios teóricos e prácticos que abordarán todas e cada unha das cuestións estudadas.

As prácticas propostas son as que se conteñen nos anexos 1 e 2; no que respecta ás cuestións prácticas, algunha delas está parcialmente resolta, a efectos de servir de exemplo a seguir nas restantes. Ademais, dende o primeiro momento (xa na explicación da UD), emprégase a denominación contable dos elementos que se inclúen nestes exercicios segundo o PXC (2007).

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

Os exercicios (teóricos e prácticos) que se realizarán conxuntamente coa UD servirán para a avaliación do nivel acadado polo alumno. Así, unha vez solucionados todos eles, serán presentados para a súa corrección por parte do profesor.

A correcta resolución das cuestións correspondentes a esta e outras UD suporá o aprobado da materia.

Así mesmo, os contidos desta UD, xunto cos correspondentes as outras do temario, serán obxecto dunha proba final, que permitirá –no seu caso– incrementar a nota final.

BIBLIOGRAFÍA

Básica:

TABOADA MELLA, M. S. (2008): Contabilidad Financiera. Una introducción teórico-práctica. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

TABOADA MELLA, M. S. (2008): Ejercicios resueltos de Contabilidad Financiera (Introducción). Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.

Complementaria:

CERVERA, M; GONZÁLEZ, A; ROMANO, J. (2008): Contabilidad Financiera (adaptada al nuevo PGC). Centro de Estudios Financieros.

DOSSIER PRÁCTICO. NUEVO PLAN GENERAL CONTABLE (2007): 205 supuestos prácticos. Santiago de Compostela: Ediciones Francis Lefebvre.

OMEÑACA GARCÍA, J. (2008): Contabilidad General. Barcelona: Deusto.

REY POMBO, J. (2009): Contabilidad General. Madrid: Paraninfo.

E, en xeral, calquera manual sobre contabilidade xeral publicado en data posterior a 2007.

Textos legais:

PLAN GENERAL DE CONTABILIDAD (2007): Real Decreto 1514/2007, de 16 de noviembre, por el que se aprueba el Plan General de Contabilidad. Ministerio de Economía y Hacienda.

PLAN GENERAL DE CONTABILIDAD de PYMES (2007): Real Decreto 1515/2007, de 16 de noviembre, por el que se aprueba el Plan General de Contabilidad de Pequeñas y Medianas Empresas. Ministerio de Economía y Hacienda.

Recursos informáticos:

<http://www.boe.es/boe/dias/2007/11/20/pdfs/C00001-00152.pdf>

<http://www.boe.es/boe/dias/2007/11/21/pdfs/C00001-00096.pdf>

ANEXO 1. CUESTIÓNS TEÓRICAS:

- EXERCICIO Nº 1:** Define patrimonio empresarial.
- EXERCICIO Nº 2:** ¿Que é un elemento patrimonial?.
- EXERCICIO Nº 3:** Indica cales son os elementos de activo.
- EXERCICIO Nº 4:** Señala que son os elementos de pasivo.
- EXERCICIO Nº 5:** ¿Que constitúe o patrimonio neto?.
- EXERCICIO Nº 6:** ¿Como se cuantifica o patrimonio neto?.
- EXERCICIO Nº 7:** ¿Que son os gastos?.
- EXERCICIO Nº 8:** ¿Que son os ingresos?.
- EXERCICIO Nº 9:** ¿Que elementos constitúen unha masa patrimonial?.
- EXERCICIO Nº 10:** ¿Que tipo de masas patrimoniais poden conformar o patrimonio de unha empresa?.
- EXERCICIO Nº 11:** Clasifica os elementos patrimoniais de activo, pasivo, neto, gastos e ingresos, de acordo a súa intervención nas contas anuais.
- EXERCICIO Nº 12:** ¿Que é un inventario?.
- EXERCICIO Nº 13:** Señala as fases nas que se soe desenvolver a elaboración dun inventario.
- EXERCICIO Nº 14:** Indica e define os tipos de inventario.
- EXERCICIO Nº 15:** ¿Que describe o balance de situación?.
- EXERCICIO Nº 16:** ¿Cal é a estrutura do balance de situación?.
- EXERCICIO Nº 17:** ¿Como se ordenan as partidas que conforman o corpo do balance de situación?.
- EXERCICIO Nº 18:** Señala as diferenzas entre inventario e balance de situación.

ANEXO 2. CUESTIÓNS PRÁCTICAS:

EXERCICIO Nº 1: Dados os seguintes elementos patrimoniais:

- I. Indica cales son de activo, pasivo ou de patrimonio neto; e
- II. Representaos contablemente de acordo á terminoloxía del PXC (2007).

- (1) Contribución dos socios a sociedades mercantís.
- (2) Edificacións propiedade da empresa, nas que se sitúa esta.
- (3) Bens propiedade da empresa e destinados á venda sen transformación.
- (4) Débedas con subministradores de bens obxecto da actividade da empresa, documentadas en facturas.
- (5) Débedas a longo prazo con subministradores de bens destinados de forma permanente á empresa.
- (6) Letras de cambio xiradas por los subministradores de bens obxecto do tráfico da empresa e aceptadas por esta.
- (7) Contribucións do empresario a empresas individuais.
- (8) Vehículos propiedade da empresa e destinados ó transporte externo.
- (9) Cantidades entregadas ós subministradores de bens obxecto do tráfico da empresa a conta de futuros subministracións.

- (10)Créditos a compradores de bens obxecto do tráfico da empresa, documentadas en facturas.
- (11)Letras aceptadas polos compradores dos bens da empresa e obxecto do tráfico de esta.
- (12)Créditos con clientes e considerados de dubidoso cobro.
- (13)Créditos con compradores de servizos e que non teñan a consideración estrita de clientes.
- (14)Entregas a conta ó persoal da empresa.
- (15)Débedas da empresa con seu persoal en concepto de traballo prestado á mesma.
- (16)Débedas con a Facenda Pública por tributos non satisfeitos.
- (17)Débedas con a Seguridade Social por os servizos prestados por esta.
- (18)Débedas con entidades de crédito por préstamos recibidos de estas, a longo prazo.
- (19)Créditos concedidos a persoas alleas ó tráfico da empresa a curto.
- (20)Diñeiro dispoñible na empresa.
- (21)Diñeiro de dispoñibilidade inmediata en c/c bancarias.

SOLUCIÓN EXERCICIO Nº 2:

A) Neto: activo; activo; pasivo; pasivo; pasivo; neto; activo; activo; activo; activo; activo; activo; activo; pasivo; pasivo; pasivo; pasivo; pasivo; activo; pasivo.

B)

Nº	DENOMINACIÓN CONTABLE
1	(100) CAPITAL SOCIAL
2	(211) CONSTRUCIÓNS
3	(300) MERCADORÍAS
4	(400) PROVEDORES
5	(173) PROVEDORES DE INMOBILIZADO A LONGO PRAZO
6	(401) PROVEDORES, EFECTOS COMERCIAIS A PAGAR
7	(102) CAPITAL
8	(218) ELEMENTOS DE TRANSPORTE
9	(407) ANTICIPOS A PROVEDORES
10	(430) CLIENTES
11	(431) CLIENTES, EFECTOS COMERCIAIS A COBRAR
12	(436) CLIENTES DE DUBIDOSO COBRO
13	(440) DEBEDORES
14	(460) ANTICIPOS DE REMUNERACIÓNS
15	(465) REMUNERACIÓNS PENDENTES DE PAGO
16	(475) FACENDA PÚBLICA ACREDORA POR CONCEPTOS FISCAIS
17	(476) ORGANISMOS DA SEGURIDADE SOCIAL ACREDORA
18	(170) DÉBEDAS A LONGO PRAZO PLAZO CON ENTIDADES DE CRÉDITO
19	(542) CRÉDITOS A CURTO PRAZO
20	(570) CAIXA, €
21	(572) BANCO C/C

EXERCICIO Nº 2: HELASA é unha S.A. que ten como obxecto social a comercialización de selados ó por maior. A sociedade fai un reconto físico do seu patrimonio, a 31/ 12/ X2, do que se deriva a seguinte descrición e valoración:

- (1) Contribucións en diñeiro e en bens, dereitos e obrigas realizadas á unidade económica por os seus propietarios: ¿?€.
- (2) Diñeiro en efectivo en caixa: 8.000 €.
- (3) Obrigas de pago contraídas con los subministradores de mercadorías, mediante facturas, 200 €.
- (4) Importe do diñeiro que se encontra nas c/c á vista, nos bancos e institucións de crédito: 5.000 €.
- (5) Débeda correspondente a un préstamo concedido polo Banco do Norte, a pagar en dous anos: 500 €.
- (6) Edificio no que se encontra a dita sociedade, sendo o valor do solar de 1.500 €, e o da construción de 6.000€.
- (7) Unha furgoneta frigorífica valorada en 1.200 €.
- (1) Dereitos de cobro sobre compradores de mercadorías documentados mediante facturas, por importe de 100 €.
- (2) Existencias en almacéns de produtos destinados a vendas en transformación: 3.000 €.

PIDESE:

- 1) Indica cales son de activo, pasivo, ou de patrimonio neto;
- 2) Represéntaos contablemente de acordo a nomenclatura do PXC (2007); E
- 3) Determina a expresión cuantitativa da ecuación fundamental do patrimonio.

SOLUCIÓN EXJERCICIO Nº 2:

1) E 2)

Nº	NATUREZA (completa)	DENOMINACIÓN CONTABLE
1		(100) CAPITAL SOCIAL
2		(570) CAIXA
3		(400) PROVEDORES
4		(572) BANCO C/C
5		(170) DÉBEDAS A LP CON ENTIDADES DE CRÉDITO
6		(210) TERREOS E BENS NATURAIS (211) CONSTRUCIÓNS
7		(218) ELEMENTOS DE TRANSPORTE
8		(430) CLIENTES
9		(300) MERCADORÍAS

3) ACTIVO: 24.800€ = PASIVO: 700€ + PATRIMONIO NETO: 24.100€

EXERCICIO 3:

DISTRIBUIDORA DE LICORES é un almacén de licores; o seu patrimonio está composto (a 01/01/20X1) por os seguintes elementos:

- (1) € depositados na caixa: 1.000.
- (2) € depositados en contas correntes bancarias á vista: 3.000.
- (3) Estantes, mostradores etc., valorados en 700 €.
- (4) Licores adquiridos para a súa venda: 30.000 €.
- (5) Valor del solar onde se alza el edificio: 250.000 €.
- (6) Valor del inmueble no que se desenvolve a actividade: 400.000 €.
- (7) Valor da construción adquirida como investimento: 300.000 €
- (8) Débedas dos clientes por compras de licores, documentados con facturas: 12.000 €.
- (9) Débedas de clientes por compras de licores formalizadas con letras de cambio aceptadas polos compradores: 20.000 €.
- (10) Vehículos para o reparto de licores, valorados en: 100.000€.
- (11) Débedas con os provedores por compras de licores documentadas con facturas: 5.000 €.
- (12) Débedas con os provedores por compras de licores formalizadas con letras de cambio aceptadas: 3.400 €.

PIDESE:

1. Indica cales son de activo, pasivo, ou de patrimonio neto;
2. Representaos contablemente de acordo á terminoloxía do PXC (2007); e
3. Elabora un inventario.

SOLUCIÓN EJERCICIO Nº 3:

1 E 2:

Nº	NATUREZA (completa)	DENOMINACIÓN CONTABLE
1		(570) CAIXA, €
2		(572) BANCO C/C
3		(216) MOBILIARIO
4		(300) MERCADORÍAS
5		(210) TERREOS E BENS NATURAIS
6		(211) CONSTRUCIONS
7		(221) INVERSIONS EN CONSTRUCIONES
8		(430) CLIENTES
9		(431) CLIENTES, EFECTOS COMERCIAIS A COBRAR
10		(218) ELEMENTOS DE TRANSPORTE
11		(400) PROVEDORES
12		(401) PROVEDORES, EFECTOS COMERCIAIS A PAGAR
		(102) CAPITAL

EXERCICIO 4: AUTOMOVILASA é unha sociedade anónima dedicada á compra-venda de automóviles. A descrición sintética, a 01/01/X, dos elementos patrimoniais de esta empresa é a seguinte:

- (1) Un solar en onde se aparcen automóviles, valorado en 30.000.€.
- (2) Contribucións en moeda e de outras tipoloxías realizadas á sociedade por los accionistas por ?.
- (3) Saldos a favor de la empresa en contas correntes á vista en bancos e institucións de crédito por 15.000 €.
- (4) Automóviles adquiridos pola empresa e destinados á venda sen transformación por valor de 150.000 €.
- (5) Obrigas de pago contraídas con os subministradores de automóviles, documentadas con facturas por 3.000 €.
- (6) Tributos a favor del Estado Español, pendentes de ingreso no Tesouro por 7.000 €.
- (7) Pagos a provedores a conta de subministracións futuras de automóviles por 12.000 €.
- (8) Mobiliario e material de oficina por 7.000 e 2.000 €, respectivamente.
- (9) Dispoñibilidades de medios líquidos en caixa, en moedas e billetes por importe de 6.000 €.

PIDESE:

- A) Distinguir entre elementos de activo, pasivo e neto.
- B) Realizar o inventario utilizando a terminoloxía do PXC.

EXERCICIO Nº 5: Elabora o Balance de Situación de:

- a.- A empresa MERCASA (exemplo empregado para a explicación da UD);e
- b.- Das empresas dos exercicios 1,2, 3, e 4.

Emprega o modelo contido no PXC (2007).



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade



Impreso en papel 100% reciclado e libre de cloro



SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

